

O mundo chámase carballo.
Podía ser
abedueira, chopo,
capudre, castiñeiro,
sobreira, virgondoiro,
teixo sombrío ou freixo de tríplice raíz.
Pero non,
o mundo chámase carballo
desde que o mundo é mundo.
Deitouse o avó
dos avós dos avós
á sombra do carballo,
e adormeceu, e o soño
naceulle dunha landra
coma cerebro, fixo
dúas follas minúsculas
e unha raíz que axiña
se dividiu buscando
sales, metais, materias
orgánicas escuras,
colleu pulo, estrincouse
sobre a terra, tirou
da seiva cara arriba,
xemou en tres, en catro, en cinco gallas,
abriuse lento coma un mundo,
formou roda, os paxaros
aniñaron nas fronzas,

e o peto carpenteiro
carpentaba buratos.
O avó durmía
debaixo do soño ou do carballo,
e entón o lobo veu
porque traía fame.
O avó tamén tiña fame,
e acordou e viu ollos de lume
que ollaban a comida,
dentes de xeo, fauces cárdenas
coma o lume do ceo
cando prende nas ucès
ou no piñeiro, cousa negra.
O avó choutou en pé. Ficou de costas
contra o carballo, ergueu as mans,
agarrouse na póla
máis baixa, arrandeouse,
empoleirouse. O lobo
arregañaba os dentes,
botaba lume polas nares.
O avó rubiu, sentouse
na galladura dunha póla enorme,
esteouse de costas
contra a cortiza vertical,
arregañou os dentes,
e non botaba lume
porque era inverno ou frío outono.
Ollou pra riba.
Un pouco máis arriba

había un guizo seco
en forma de aguillada
—mais daquela
non había aguilladas,
pois non había gando que afalar.
O avó tirou, dobrou, premeu:
os nervos coma cabrinfollos
tensábanse nos seus
brazos desarañados.
Non había aguillada: o gando
non se inventara aínda.
Era unha lanza, si.
Dura non moito, pero lanza.
O lobo foise lentamente
de medio lado, coma quen
marcha porque se acorda
que ten que faga noutro sitio.
Entón o avó deceu,
pés descalzos na terra,
esteouse na lanza
e dixo: O mundo chámase carballo.
A lanza chámase carballo.
Os homes chámanse carballo,
soñan carballo, e o carballo nace
da landra que temos na cabeza.
Carballo nace de semente
coma nosoutros, non de póla
nin de raíz, e medra,
e logo morre, ou é matado

polo lume do ceo, ou de nosoutros.
Carballo é casca e samo.
Casca e samo desfanse
e fica cerna moura e dura
que arde mal, e resiste
moitos invernos e xeadas,
e ó final amolece
e acaba tamén podre,
pero doutra maneira.
Carballo é sombra. O mundo chámase carballo,
pero fóra do mundo
hai sol que queima, e o carballo abriga.
Carballo é pan se non hai pan.
O pan chámase landra.
Se hai pan, o cocho come a landra
e nós o cocho touciñado.
Carballo é lanza, si,
e o lobo teme a lanza.
O lume fai endurecer a punta,
o lobo sangra e morre.
Carballo fende ben.
Pau de carballo esgaza,
recibe a pedra, si, na esgalladura,
asegurada con corrizas
de salgueiro ou filseira,
ou con talas delgadas de sangobino ou de carballo
ben escocido ó lume, si, que fende.
Ou con mallós de coiro
do pernicioso lobo

que é dexemprado pola aguda lanza.
Pedra afiada contra pedra
corta o carballo, si,
pode facerse casa ou pé de teito e cangos
pra que as xestas ou casca
de bidueiro boten fóra
a choiva e mais o frío.
Pedra afiada contra pedra
e cuña de esfender
fan táboa longa e ancha
que se chama materia,
digo madeira. O mundo é de madeira.
Madeira a lanza, a trabe, o pé dereito,
madeira o banco en que sentamos
xunta o lume do inverno,
madeira a frecha, o arco,
a culler que serve pra comer o caldo
non como larpa cocho bravo
senón coma homes e mulleres
que saben rir e contar contos
e cantar e bailar en rolda ó son das cunchas
e desa cousa que chamamos frauta ou gaita
feita de cana ou sabugueiro,
ou de ameneiro —só na primavera.
O mundo é de madeira, si.
A maior parte é de madeira.
Son de madeira cousas
que usamos pra facer as cousas,
e que se chaman leñamenta,

madeiramenta, pedramenta non,
se cadra ferramenta —agora que a madeira
leva cousas de ferro
negro e durísimo que corta
como non corta a pedra.
O mundo chámase carballo,
poderosa madeira
de estricta cerna incomparable.
Facer as cousas chámase carpenta.
O carpenteiro fai a roda,
que é unha cousa redonda
moi semellante ó sol. O sol é un carro
cunha lápara enorme que fai medrar madeira.
Carballo quere sol
pra ter a cerna dura e moita
con que facer a roda.
O carro do sol ninguén o fixo.
Ninguén anda tampouco os seus camiños.
Pero nosoutros
temos outros camiños
e carrexamos cousas.
Os carpenteiros fan o carro
con cerna de carballo,
e as rodas durísimas
abren rodeiras na pedra do chan
que se chama carreira.
Agora hai aguilladas
pra afalar os cabalos
e os bois que tiran polo noso carro.

Unha aguillada boa
faise de esterpe ben dereito,
pero o carro mellor é o de carballo,
que ten máis lei e non caduca,
e o mellor barco é o de carballo
que non podrece na auga do mar
onde tamén facemos nós camiños
que se pavimentan na memoria.
O mundo chámase carballo.
Carballo é o banco de carpentar
onde toda madeira colle forma,
carballo o carro, o barco,
a casa, as escaleiras, as cancelas
que pechan no curral o noso gando,
carballo o guindal da lareira,
carballo o leito en que durmimos,
carballo a mesa onde comemos,
carballo o mango da bisarma e o caxato da vellez,
carballo a cuba onde as mazás e as uvas ferven e fan viño,
carballo o pértigo do malle que degrae o centeo,
carballo o ferrado e o rebolo,
carballo a tulla e mais a hucha,
carballo o cabazo e o chozo da leña e a palleira da herba,
carballo a pa do forno e o rodicio do muíño,
carballo o arado e mais a grade,
carballo o estrobo e o estadullo,
carballo a cuña de partir a pedra,
carballo a roda do oleiro,
carballo a casca de curtir e a táboa de pelar,

carballo o cesto de apañar as patacas,
carballo a espadela e o tear,
carballo o folón que bate o pano coa forza infinita do río,
carballo o barquín e o pé da ingre,
carballo o mazo hidráulico da industria do ferro,
carballo a máquina de picar o toxo,
carballo a bomba aspirante-impelente pra subir auga do pozo,
carballo o eixe e a culler de penas da nosa fábrica de luz,
carballo as travesas do ferrocarril que nos leva a ningures.
O mundo chámase carballo.

José Xabier Cobas

Manuel Cabra Suárez